

## MESA SECTORIAL : PIALE

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe comezamos por examinar o borrador da Orde pola que se convocan prazas destinadas ó profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ó [Programa Integral de Linguas Estranxeiras \(PIALE\)](#).

A este respecto facemos as seguintes consideracións xerais previas:

**Na presentación da Administración destacan como novidades a supresión da fase B do programa e da elaboración da proposta didáctica correspondente a esta fase.**

### 1. Prazas e requisitos de acceso

- O **incremento de unicamente 8 prazas**, resulta insuficiente. Pedimos que se incremente este número dado a alta demanda desta convocatoria.

### 2. Exclusión do profesorado interino

- Denúnciase que o persoal interino quede **totalmente excluído**, o que se considera inxusto e contrario á igualdade de oportunidades.

### 3. Exención de tribunais de oposicións

- Solicítase incluír explicitamente que quen participe en actividades de xullo **estará exento de formar parte de tribunais de oposicións**

### 4. Modalidade 1 e 2.

- Demándase recuperar as **100 horas** de duración da fase A, fronte ás 50 propostas.
- Reitérase que os **orxamentos son insuficientes e que debería invertirse máis nunha convocatoria con tanta demanda.**
- Pídese incluír **italiano**, polo menos para profesorado de EOI. **A administración teno aparcado por falta de oferta das empresas licitadas.**
- Pídese unificar o sistema de Baremo con outras convocatorias. **A Administración intentara modificalo de cara ao próximo curso.**

### 5. Problemas de xestión das estadías

- A afiliación reporta incidencias recorrentes:
  - Escasa comunicación con centros e familias de acollida.



- Distancias excesivas aos centros asignados.
- Pedimos estudar a posibilidade de xestión directa por parte da Administración. A Administración xa estudou esta posibilidade e parécelle inviable.

---

## 6. OUTROS ASUNTOS TRATADOS NA MESA SECTORIAL

### **CIFP Manuel Antonio.**

- Pedimos se tomen medidas con carácter urxente para solventar os problemas deste centro polos riscos derivados das obras que teñen lugar no mesmo.

### **IES Proval.**

- Pedimos se tomen as medidas que se acordaron e trasladaron ao centro para reducir os altos niveis de radón.

### **Licenzas e permisos**

- Solicítase a **actualización da Orde** correspondente.

### **Protocolo Alertas Metereolóxicas.**

- Solicitase revisar o protocolo para evitar interpretacións na obrigabilidade da asistencia aos centros en casos de alerta.

